



R segue a apoiar o emprendemento galego e dota de conectividade a unha nova edición de *Pont-Up Store*

- ***Na Praza de España de Pontevedra o operador galego dotará de conectividade o recinto habilitado para este foro xa referente da cultura emprendedora en Galicia.***
- ***Por quinto ano consecutivo, R revalida a súa aposta polas iniciativas creativas e innovadoras no Pont-Up Store de Pontevedra, que recupera o formato presencial tras a edición exclusivamente virtual do ano pasado por mor da crise sanitaria.***

Xoves, 23 de setembro de 2020.- R regresa, un ano máis, a *Pont-Up Store* en Pontevedra, o foro do novo emprendemento de referencia en Galicia e no noroeste peninsular, que se desenvolve nesta cidade galega mañá venres 24 e o sábado 25 de setembro. Desta volta, o operador galego **dotará de conectividade a todos os espazos expositivos habilitados para o desenvolvemento do evento**, na pontevedresa Praza de España, de xeito que poidan dispoñer de accesos de alta velocidade á rede durante estes dous días.

Pedro Figueroa, director de *Pont-Up Store*, considera que “o apoio de R por quinto ano consecutivo ao Pont Up Store non fai máis que fortalecer o compromiso da empresa co novo emprendemento galego e co talento dos emprendedores e emprendedoras. A colaboración con R facilita enormemente o desenvolvemento de competencias nestas persoas, pois ademais de ter patrocinado actividades formativas tanto para nenos/as coma para adultos/as en eidos como a robótica ou o márketing dixital, a conexión de internet do evento, vital para que moitas das actividades poidan levarse a cabo, así como o soporte técnico, sempre corren pola conta de R. Agardamos poder seguir avanzando da súa man por moitas edicións máis”.

Premiando o emprendemento valente

En Pont-Up Store, que chega desta volta á súa edición número oito, participan un total de 41 empresas emprendedoras, a maioría delas cun posto propio. Este ano valóranse especialmente as innovacións e adaptacións dos proxectos á situación derivada da COVID-19 e participan, ademais, outros xurdidos en plena pandemia. A cuestión é premiar esas iniciativas valentes abrindo unha convocatoria extraordinaria dirixida a emprendedores e emprendedoras a quen non intimidou a crise sanitaria para seguir adiante coas súas ideas. O resultado tradúcese na presenza de nove empresas con negocios novos ou elementos innovadores aplicados á súa xestión e produción.

Ademais, nesta oitava edición de *Pont-Up Store* o foro reforza o seu compromiso coa dixitalización e **estrea a plataforma dixital_pontup**, un espazo virtual interactivo destinado á creación de actividades relacionadas coa nova empresa que funcionará durante todo o ano.

R, tamén coa innovación e a creatividade

En **R** adherímonos ao lema da iniciativa deste ano -'Unha etapa no camiño de emprender'- porque innovar, crear e abordar novos proxectos emprendedores son apostas clave de **R** dende o inicio da súa andaina hai xa máis de dúas décadas.

E non podiamos faltar a esta cita na que conflúe tanto talento local e que mantén viva a súa esencia de iniciativa aberta á cidadanía para promover a cultura do emprendemento a todos os niveis. Trátase, pois, dun "si, quero" á creatividade para o desenvolvemento persoal e tamén social en Galicia ao que, dende **R**, nos sumamos.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal